

ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 16/01/2023

TIPOLOXÍA: NEVADAS

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A Axencia Estatal de Meteoroloxía informa nos boletíns 14/71GAL e 24/71GAL emitidos ás 11:24 do 16/01/2023 dun fenómeno meteorolóxico adverso de **nivel LARANXA por NEVADAS**. Dito fenómeno, que dará comezo a partir das **06:00 horas do día 17/01/2023**, afectará a:

- Lugo (Montaña)
- Ourense (Montaña)

Nestas áreas prevense acumulacións de 20 cm por riba do 800 m. de altitude e de 5 cm por riba dos 300-500 metros.

Nestes mesmos boletíns se informa ademais de que o fenómeno meteorolóxico adverso **por NEVADAS** acadará **nivel AMARELO** a partir das **06:00 horas do día 17/01/2023**, nas seguintes zonas onde as acumulacións de neve poden superar os 4 cm por riba dos 300-500 m:

- A Coruña (Interior)
- Lugo (A Mariña, Centro e Sur)
- Ourense (Noroeste, Sur e Valdeorras)
- Pontevedra (Interior)

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es